

GUIA PARA O SEGUIMENTO DAS ELECCIÓNS A CONSELLOS REGULADORES DO ÁMBITO AGROALIMENTARIO 2023

Versión_2022_12_12

GUIA PARA O SEGUIMENTO DAS ELECCIÓNS A CONSELLOS REGULADORES DO ÁMBITO AGROALIMENTARIO 2023

1. INTRODUCCIÓN

Este documento é unha guía para a comprensión e o seguimento do proceso das eleccións aos consellos reguladores que se convocaron mediante a orde da Consellería do Medio Rural do 7 de novembro de 2022 (DOG núm. 214, do 9 de novembro). Aínda que a maioría das cuestións que se recollen están contempladas na normativa de aplicación, determinados aspectos que non se concretan na dita normativa están redactados conforme ao que foi a práctica habitual en procesos anteriores, sobre todo o relativo ao proceso de votación recollido no punto 10.

A convocatoria (que se xunta como anexo I deste documento) contempla a realización de eleccións en quince dos vinte e seis consellos reguladores do ámbito agroalimentario existentes en Galicia. Estes quince consellos reguladores xestionan as seguintes denominacións de calidade:

- Denominación de orixe Monterrei
- Denominación de orixe Rías Baixas
- Denominación de orixe Ribeira Sacra
- Denominación de orixe Ribeiro
- Denominación de orixe Valdeorras
- Indicacións xeográficas *Orujo de Galicia*, *Aguardiente de Hierbas de Galicia*, *Licor de Hierbas de Galicia* e *Licor Café de Galicia* (as catro indicacións xeográficas xestionadas por un único consello regulador, o Consello Regulador das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia)
- Denominación de orixe protexida Arzúa-Ulloa



- Denominación de orixe protexida Queixo Tetilla
- Denominación de orixe protexida San Simón da Costa
- Indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia
- Indicación xeográfica protexida Mel de Galicia
- Indicación xeográfica protexida Pan de Cea
- Indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia
- Indicacións xeográficas protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca Gallega* – *Buey Gallego* (xestionadas ambas por un único consello regulador, o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia)
- Agricultura ecolóxica (xestionada polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia).

Porén, como dicíamos, nesta convocatoria exclúense once dos vinte e seis consellos reguladores constituídos actualmente. Estes consellos reguladores son os das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e os das indicacións xeográficas protexidas *Lacón Gallego*, *Faba de Lourenzá*, *Grelos de Galicia*, *Tarta de Santiago*, *Pemento do Couto*, *Pemento da Arnoia*, *Pemento de Oímbra*, *Pemento de Mougán* e *Pan Galego*. Estes consellos reguladores son de moi escaso número de inscritos (representan pouco máis do 2% do total de operadores en réximes de calidade), o que dificulta a formación de candidaturas; e tamén de moi escaso volume de actividade (o valor total da produción destas denominacións é inferior ao 0,5% do valor total das producións acollidas a réximes de calidade). En definitiva, son consellos reguladores nos que o proceso de renovación suscita pouco interese tanto nos operadores como nos axentes sociais e que, ademais, coa regulación prevista na futura Lei da calidade alimentaria de Galicia, actualmente en tramitación, probablemente moitos deles reconverteranse en asociacións sectoriais sen ánimo de lucro e de adscrición voluntaria.

Polo anterior, a disposición adicional única da orde de convocatoria contempla unha prórroga de ata dous anos para o mandato dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e



Herbón e o dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas *Lacón Gallego*, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, *Tarta de Santiago*, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia. Para os outros tres consellos reguladores nos que non se convocan eleccións (os das IXP Pemento de Oímbra, Pemento de Mougán e Pan Galego) non é necesario prorrogar o seu mandato xa que contan con órganos de goberno provisorios.

2. MARCO NORMATIVO

O marco normativo que rexe o proceso de renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores e, en xeral, todo o relativo ao seu funcionamento, está constituído pola Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e o seu regulamento de desenvolvemento, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. Estas normas complétanse para cada denominación coas normas particulares contidas nos seus respectivos regulamentos.

O capítulo VI do Decreto 4/2007 (que se xunta como anexo II) regula o réxime electoral dos consellos reguladores. Este capítulo divídese en dúas seccións, a primeira delas establece as normas comúns aplicables a todos os consellos reguladores e a sección segunda contén unha serie de normas supletorias, só aplicables no caso dos consellos reguladores que non establecesen unhas normas específicas propias que as substitúan. Dado que a non regulación específica foi a tónica xeral e os regulamentos destas denominacións de calidade non contemplan normas particulares, o proceso electoral vaise rexer polo establecido nas seccións primeira e segunda do citado capítulo do decreto e o indicado na orde de convocatoria. Supletoriamente, de acordo co establecido na disposición adicional terceira do Decreto 4/2007, cantas dúbidas xurdan na aplicación deste réxime electoral resolveranse tendo en conta os principios establecidos na lexislación electoral xeral.



De acordo co estipulado no citado capítulo VI do Decreto 4/2007, os consellos reguladores asumen un papel protagonista no desenvolvemento das eleccións, xa que os seus plenos rexen o proceso e son a primeira instancia que resolve as reclamacións que se produzan. As funcións dos plenos dos consellos reguladores en relación co proceso electoral recóllense no artigo 47 do Decreto 4/2007.

Para a revisión das súas decisións e, en xeral, para a supervisión do proceso, constituirase unha única Xunta Electoral, á que dedicamos o punto 4 deste documento.

3. CALENDARIO ELECTORAL, PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE ESCRITOS

O calendario electoral é o que figura no anexo I da orde de convocatoria. Con outro formato, inclúese tamén neste documento, como anexo III.

Os **prazos** do calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando están sinalados por días, enténdense naturais (polo tanto compútanse tanto domingos como festivos) e **expiran ás 14 h do derradeiro día do prazo.**

O **lugar de presentación** será a **sede do correspondente consello regulador** ou a da **Xunta Electoral**, segundo quen deba coñecelos, excepto a presentación de reclamacións sobre os censos, que poderá facerse, ademais de na sede do consello regulador, nos lugares sinalados de exposición destes, como indicaremos no punto 5.3 deste documento. Neste caso, os interesados deberán remitir ao consello regulador correspondente por correo electrónico, no mesmo día, unha copia da reclamación presentada. Para estes efectos, os consellos reguladores darán publicidade, xunto cos censos, do enderezo electrónico ao que se poderá enviar a reclamación.



4. XUNTA ELECTORAL

Como órgano supremo de supervisión do proceso electoral haberá unha única Xunta Electoral, con sede en Santiago, nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, no complexo administrativo de San Caetano.

A dita Xunta Electoral estará presidida polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e, de acordo co artigo 41 do Decreto 4/2007 e co artigo 3 da orde de convocatoria, estará composta por:

- a) Tres funcionarias ou funcionarios dos grupos A1 ou A2 da Consellería do Medio Rural ou dos seus organismos e entes dependentes.
- b) Tres representantes das organizacións profesionais agrarias e das asociacións de produtores do sector agrario de ámbito galego máis representativas (Censos A). Como organizacións profesionais agrarias entenderanse as constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical ou de acordo coa Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e con representación no Consello Agrario Galego.
- c) Tres representantes das asociacións empresariais dos sectores industriais implicados que contén con maior implantación (Censos B e D).
- d) Un representante das cooperativas dos sectores implicados ou das súas asociacións con maior implantación.

Se o número de candidaturas presentadas para a cobertura das prazas da Xunta electoral en representación dalgún dos diferentes sectores aos que se refiren as letras b), c) e d) anteriores fose inferior ao que se recolle nelas, axustarase a composición final á cifra de candidaturas válidas presentadas para ese sector.



e) Secretario ou secretaria: unha persoa funcionaria do grupo A1, licenciada en dereito, da citada consellería ou dos seus organismos e entes dependentes. Para cada membro titular haberá un suplente.

Unha mesma organización profesional agraria, asociación ou entidade cooperativa ou asociación destas non poderá ter máis dun representante.

Ningún membro, titular ou suplente, da Xunta Electoral, poderá presentarse como candidato ou candidata a vogal nin ser membro do pleno dalgún dos consellos reguladores convocados a eleccións.

As funcións da Xunta Electoral son as que se recollen no artigo 40.2 do Decreto 4/2007.

As organizacións profesionais agrarias, asociacións e cooperativas interesadas en ter representación na Xunta Electoral deberán presentar a súa solicitude nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo da Consellería do Medio Rural, coa que achegarán a documentación que se indica no artigo 42.1 do Decreto 4/2007.

De acordo co calendario electoral, as **solicitudes** presentaranse entre os días **11 e 15 de novembro** e a **designación** será realizada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria o día **21 de novembro**. Contra esa designación cabe **recurso** ante o Conselleiro do Medio Rural, con data límite o **23 de novembro**. O conselleiro debe **resolver** a máis tardar o día **28 de novembro**.

De acordo co calendario aprobado, a Xunta Electoral terá a súa **sesión constitutiva** o día **30 de novembro**.

5. CENSOS ELECTORAIS

5.1. Elaboración dos censos

Cada consello regulador debe elaborar os seus censos, de acordo co modelo que figura no anexo II da orde de convocatoria. Segundo o artigo 48 do Decreto



4/2007, os censos deben ir asinados polas persoas que ostenten a presidencia e a secretaría do consello regulador e as persoas censadas deben agruparse por concellos e ordenarse alfabeticamente.

Na elaboración dos censos que se van expoñer hai que ter en conta o sinalado no primeiro parágrafo do apartado primeiro da disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) que recolle o seguinte:

Disposición adicional sétima.- Identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos.

1. Cando sexa necesaria a publicación dun acto administrativo que conteña datos persoais do afectado, este identificarase mediante o seu nome e apelidos, e engadirá catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente. Cando a publicación se refira a unha pluralidade de afectados, estas cifras aleatorias deberán alternarse [...]

A falta dun desenvolvemento normativo desta disposición, recoméndase seguir a "Orientación para a aplicación provisional da Disposición adicional sétima da LOPDGDD" que se xunta como anexo IV. De acordo con esta orientación, nos DNI das persoas físicas, cuxo formato é 12345678X, publicaranse só os díxitos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. Así, o DNI do exemplo publicaríase como ***4567**.

Os distintos censos e subcensos para cada consello regulador figuran no artigo 5. Ademais, no anexo III da dita orde indícanse os vogais que corresponden a cada censo e subcenso.

Polo súa parte, no artigo 6 da orde de convocatoria recóllense normas para a confección dos censos. Neles deben figurar as persoas inscritas nos distintos rexistros e con actividade. En xeral, considérase que teñen actividade as persoas operadoras que tiveron movemento económico en relación coa denominación nalgunha das tres últimas campañas, pero se establecen



algunhas especificidades en relación con algúns consellos reguladores, e tamén algunhas excepcións.

5.2. Exposición dos censos provisionais

O persoal do consello regulador elaborará, de acordo co dito anteriormente, os censos do consello regulador, que serán levados ao **pleno** que, de acordo co calendario, se deberá reunir a máis tardar o **día 30 de novembro**. Nese pleno débense **aprobar e ordenar a súa exposición**, para que as persoas interesadas poidan facer as súas reclamacións polos erros ou omisións que contivesen.

O **período de exposición** dos censos provisionais, que coincide co de presentación de reclamacións, vai dende o **día 2 ao 14 de decembro**.

Os **lugares** de exposición dos censos son os seguintes:

- A **sede do consello regulador** (exposición da totalidade dos censos)
- A sede da **Axencia Galega da calidade Alimentaria** (exposición da totalidade dos censos)
- As **xefaturas territoriais** da consellería (exposición, cando menos, dos correspondentes aos inscritos da provincia)
- As **oficinas agrarias comarcais** (exposición, cando menos, dos correspondentes aos inscritos do seu ámbito xeográfico)

Dado que a exposición de censos comeza o día 2 de decembro, a máis tardar o día 1 dese mes (e preferiblemente antes), deben remitirse -preferentemente por correo electrónico- aos lugares de exposición. Como anexo V figura a relación dos lugares de exposición distintos da sede do consello regulador, co enderezo electrónico ao que se deben enviar, o nome da persoa responsable e outros datos de contacto.



Obviamente, nunha oficina cun ámbito xeográfico determinado pódense expor os censos dun ámbito xeográfico máis amplo. Por exemplo, nunha oficina comarcal, os censos a nivel provincial ou de toda Galicia. Esta opción é axeitada cando se trate de censos pequenos, para evitar o traballo de confeccionar censos fraccionados por territorios. Sen embargo, cando se trate de censos cun número moi grande de inscritos, é desexable que o consello regulador os envíe fraccionados para cada ámbito territorial, para evitar un consumo innecesario de papel, xa que é preciso imprimilos para poñelos nas oficinas á disposición das persoas interesadas.

Por motivo da protección de datos de carácter persoal, os censos poderán ser consultados polas persoas interesadas en presenza do persoal da oficina, pero **non se poderán entregar copias.**

5.3. Reclamacións sobre os censos

Como excepción á norma xeral do proceso, que obriga a que a presentación de escritos e reclamacións se faga na sede do órgano que deba resolver, no caso da presentación de reclamacións aos censos, e para facilitar o trámite ás persoas inscritas, as reclamacións pódense presentar, ademais de na sede do consello regulador (que é quen debe resolvelos) tamén nos lugares onde están expostos. Neste caso, ese mesmo día (e sempre dentro do prazo que finaliza ás 14 horas do día 14.12.2022) as persoas interesadas deberán remitir ao consello regulador, por correo electrónico, unha copia da reclamación presentada. O persoal das oficinas da administración nas que se faga a exposición dos censos facilitarán este trámite ás persoas reclamantes. Como anexo V Bis figura un modelo de escrito de reclamación sobre os censos e como anexo VI figura a relación dos consellos reguladores convocados a eleccións, co nome de quen ostenta a secretaría -a quen se dirixirá a reclamación-, co seu teléfono e enderezo electrónico.

Unha vez finalizado o período de exposición dos censos provisionais e o simultáneo prazo de presentación de reclamacións, o pleno do consello



regulador deberá decidir sobre as que foran presentadas, adoptando as **resolucións** pertinentes a máis tardar, de acordo co calendario electoral, o día **21 de decembro**.

As resolucións, deberán estar motivadas e deberán indicar a posibilidade de recurso ante a Xunta Electoral e o prazo. As ditas resolucións deberán ser, ademais, comunicadas inmediatamente e de xeito fidedigno ás persoas interesadas. Poderá ser por correo certificado e urxente, mediante entrega en man con recibín, ou por calquera outro procedemento que deixe constancia da entrega e que garanta que esta se produce deixando marxe de tempo á persoa interesada, cando a resolución fose contraria á súa petición, de recorrela ante a Xunta Electoral.

Como anexo VII inclúese un posible modelo xenérico de resolución do pleno dun consello regulador en relación cun hipotético recurso pola non inclusión dunha persoa interesada nun censo.

Os **recursos** contra as resolucións dos plenos dos consellos reguladores deben presentarse directamente na sede da Xunta Electoral, a máis tardar, o día **26 de decembro**. A **Xunta Electoral resolverá**, a como moi tarde o día **3 de xaneiro**, e comunicará ás persoas interesadas e aos consellos reguladores implicados as resolucións adoptadas.

Unha vez resoltas as reclamacións polos consellos reguladores e os posteriores recursos que houber pola Xunta Electoral, a partir do día **5 de xaneiro** expoñeranse os **censos definitivos**, nos mesmos lugares que no caso dos provisionais. Para iso, previamente os servizos técnicos dos consellos reguladores deberán modificar os censos provisionais de acordo coa revisión realizada durante a fase de exposición e reclamacións, e remitilos aos lugares de exposición, do mesmo xeito que se fixera cos censos provisionais.



6. CANDIDATURAS

6.1. Presentación de candidaturas

No artigo 49 do Decreto 4/2007 recóllense as normas relativas á presentación de candidaturas. Estas deben presentarse na secretaría do consello regulador e serán listas pechadas que inclúan tantos candidatos como vogalías haxa que cubrir nese censo ou subcenso, así como un número de suplentes que deberá ser equivalente á metade de titulares e, no caso de que este fose impar, redondeando ao número enteiro superior (por exemplo, nun censo no que hai que elixir 5 vogais, unha candidatura, para ser completa, debe ter 5 titulares e 3 suplentes). Porén, o Decreto 4/2007 establece excepcións á norma xeral de que as candidaturas deban ser completas: nos supostos en que o escaso número de inscritos nun censo ou subcenso impidise a presentación de máis dunha candidatura ou non se puidese formar ningunha completa, poderanse admitir listas que conteñan menos titulares e/ou suplentes.

O número de vogalías a elixir para cada censo (e, de ser o caso, subcenso) de cada consello regulador é o que figura no anexo III da orde de convocatoria.

As candidaturas teñen que ser presentadas por organizacións profesionais agrarias, asociacións profesionais e cooperativas e as súas asociacións. Tamén poden ser presentadas por independentes, pero neste caso deben contar co aval de, cando menos, o 10% das persoas inscritas no censo.

De acordo con calendario electoral, as candidaturas poderanse presentar dende o **día 23 de decembro ata o 5 de xaneiro**.

No momento da presentación, a persoa que ostente a secretaría do consello regulador expedirá unha dilixencia na que fará constar a data e a hora de presentación de cada lista e expedirá un recibo desta. A cada candidatura asignaralle un número correlativo coa orde de presentación. Como anexos VIII e IX recóllense modelos para estes documentos.



6.2. Documentación que se deberá presentar

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

a) **Solicitud de admisión da candidatura e lista de integrantes**

Cando a solicitude a presenten organizacións profesionais agrarias, asociacións profesionais ou cooperativas, deberá ir asinada por quen ostente a súa representación de acordo cos seus estatutos, polo que a solicitude deberá ir acompañada dos documentos que acrediten esa condición da persoa que asina.

No caso de candidaturas independentes serán subscritas por quen as promova. Neste caso, as persoas promotoras teñen que estar inscritas no censo ao que presentan a candidatura. A súa identidade acreditarase ante o pleno do consello regulador. Pode ser suficiente para estes efectos a presentación de fotocopias dos DNI acompañando a solicitude asinada por todas as persoas que a promoven.

As candidaturas presentaranse expresando claramente:

- A denominación da organización (é a que logo vai figurar nas papeletas da votación)

No caso de candidaturas independentes debe constar esa condición e é conveniente que os promotores lle dean unha denominación ("candidatura independente XXXX") para diferenciala doutras hipotéticas candidaturas independentes que concorran no mesmo censo.

Non está permitido o uso de símbolos ou identificacións propias de partidos políticos.

- O nome e apelidos (ou razón social, nas entidades xurídicas) das persoas candidatas, tanto titulares coma suplentes.



- A orde de colocación das persoas candidatas na lista.

Ademais, no mesmo documento de solicitude de admisión da candidatura, ou nun documento aparte, é necesario nomear unha persoa representante da candidatura, que non ten por que ser integrante da lista nin estar inscrita no censo. Esta persoa será a encargada de realizar as xestións da candidatura ante o consello regulador e vai ser quen reciba as notificacións, polo que deberá indicarse o seu enderezo e, de ser posible, un enderezo electrónico no que autorice recibir as comunicacións.

Como anexo X xúntase un posible modelo de presentación de candidatura.

b) Declaración de aceptación da persoa candidata.

Cada candidato ou candidata asinará nunha declaración conforme acepta ser parte da lista da organización que a presenta. No caso de que a candidata fose unha persoa xurídica, este documento será substituído por outro que acredite que o órgano de goberno ou reitor da sociedade aprobou a súa integración na lista.

c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de inelixibilidade de acordo cos artigos 38 e 49.8 do decreto 4/2007.

Neste punto débese ter en conta tamén que, de acordo co artigo 18.1 letra d) do Decreto 4/2007, unha persoa que fose sancionada con resolución firme en vía administrativa por infracción grave ou moi grave contra as disposicións normativas relacionadas coa denominación perderá a condición de elixible ata que transcorran dous anos dende que adquiriu firmeza a sanción, no caso das graves, e cinco no caso das moi graves.

Os documentos das letras b) e c) anteriores poden ser presentados nun só, de acordo co modelo que figura como anexo XI.



d) Avais por un 10% do censo, como mínimo, no caso de candidaturas independentes

No caso de que as persoas promotoras e candidatas xa sumen un número suficiente para cubrir o 10 % do censo, obviamente non faría falta apoiar a candidatura con outras persoas avalistas. En caso contrario, deben achegarse documentos que acrediten que a candidatura conta co apoio de, cando menos, esa porcentaxe do censo. Podería ser axeitado un documento colectivo, co nome e apelidos das persoas que apoian a candidatura, o número do seu DNI e a súa sinatura, acompañado con fotocopia dos DNI das persoas asinantes.

6.3. Proclamación de candidaturas

O consello regulador comprobará que a documentación presentada é correcta e está completa. Débese comprobar que ningunha organización profesional, asociación profesional, cooperativa ou asociación destas presenta máis dunha lista ao mesmo censo e que ningún inscrito se presenta en máis dunha lista (de ser ese o caso, considerarase válida a primeira das candidaturas). Ademais, ningunha organización profesional agraria, asociación profesional ou cooperativa integrada noutra superior poderá presentar lista propia de candidatos se o fai a de maior ámbito.

Se todo é correcto, o pleno, na súa sesión do día **12 de xaneiro**, procederá á **proclamación provisional** da candidatura e a súa exposición pública na sede do consello regulador. Como anexo XII inclúese un posible modelo de proclamación provisional de candidatura.

No caso de que unha candidatura non se proclamase por ser incorrecta ou incompleta a documentación, será comunicada a resolución ao representante. Como anexo XIII inclúese un posible modelo de resolución de non proclamación provisional. O representante da candidatura non proclamada, antes das 14 horas do día **17 de xaneiro**, deberá adecuar a documentación ou presentar unha **reclamación** contra a non proclamación. O consello regulador ten ata o



día **20 de xaneiro** para **resolver definitivamente** sobre a proclamación ou non e debe comunicalo inmediatamente á persoa representante da candidatura. Na resolución, que será motivada, se indicará a posibilidade de recorrer ante a Xunta Electoral. O **recurso** deberá presentarse na sede da Xunta Electoral en Santiago antes das 14 horas do día **24 de xaneiro**. A Xunta Electoral, con data límite o **27 de xaneiro**, **resolverá** os **recursos** que se presentasen e fará a **proclamación definitiva** de todas as candidaturas.

No caso de que se presentase unha única candidatura para un censo ou subcenso ou o número total de persoas candidatas das listas presentadas non fose superior ao de vogais a elixir, esa lista ou listas serán proclamadas pola Xunta Electoral sen necesidade de que continúe o proceso para ese censo ou subcenso.

Por outra parte, unha vez proclamadas as candidaturas pola Xunta Electoral, se a totalidade das correspondentes a un censo ou subcenso chegan a un acordo no reparto das vogalías, darase por concluído o proceso para ese censo ou subcenso, sendo as persoas candidatas propostas proclamadas vogais pola Xunta Electoral. O dito **acordo** debe presentarse antes das 14 horas do día **2 de febreiro** na sede da Xunta Electoral, e debe vir asinado polas persoas representantes de cada unha das candidaturas. Como anexo XIV xúntase un posible modelo de acordo de reparto de vogalías entre as candidaturas.

7. MESAS ELECTORAIS

As mesas electorais son os órganos encargados de presidir as eleccións, realizar o escrutinio, publicar os resultados e velar pola pureza do sufraxio. A súa regulación faise no artigo 46 do Decreto 4/2007.

Están integradas por unha persoa, que ostentará a presidencia, e dúas máis que ocuparán as vogalías, elixidas polo consello regulador por sorteo entre as persoas electoras que saiban ler e escribir. Por cada persoa titular



designaranse dúas suplentes, co obxecto de garantir a constitución da mesa o día da votación.

É unha obriga das persoas inscritas participar na mesa, e así se recolle nos regulamentos de todos os consellos reguladores convocados a eleccións e no Decreto 4/2007. A incomparecencia pode ser sancionada con ata dous anos de suspensión nos dereitos como persoa inscrita.

De acordo co calendario electoral, na sesión do pleno que se celebre o día **12 de xaneiro**, na que xa o censo é definitivo e se coñecen as persoas que se presentan como candidatas (e que para garantir a independencia da mesa non deben formar parte dela) pode realizarse o **primeiro sorteo**. A continuación comunicarase por escrito ás persoas interesadas a súa designación. Como anexo XV achégase un modelo de notificación. A notificación debe facerse de xeito rápido (os prazos do proceso son curtos) e de maneira que quede constancia da data de recepción, xa que a persoa interesada dispón de seis días naturais dende a recepción para alegar ante o consello regulador os posibles motivos que lle impiden aceptar o cargo. O consello regulador resolverá sen ulterior recurso sobre as alegacións presentadas e, de resultar necesario, procederá a realizar novos sorteos para cubrir as vacantes daquelas persoas ás que se aceptasen as escusas.

A determinación do número e localización das mesas electorais é tamén unha decisión do pleno do consello regulador, que a deberá tomar en atención a facilitar o voto dos inscritos pero tendo en conta tamén os condicionantes técnicos e económicos.

A Consellería do Medio Rural, como en procesos anteriores, facilitará locais e persoal de apoio para o día da votación, así como as xestións que sexan necesarias para dotar os lugares de votación das correspondentes urnas (unha por cada censo ou subcenso).



O consello regulador deberá facer todo o necesario para garantir a correcta constitución das mesas e que en todo momento estas contén co material necesario (papeletas, sobres, actas de constitución e de escrutinio, listas numeradas para o control dos votantes, censos, etc.) para realizar o seu cometido.

De conformidade cos artigos 54 e 55 do Decreto 4/2007, ata o terceiro día anterior a votación (polo tanto ata o día **16 de febreiro**, ás 14 horas) a persoa representante de cada candidatura pode solicitar ante o consello regulador as **credenciais** de nomeamento de ata un máximo de dúas persoas para actuar como **interventoras** por cada mesa electoral, así como as das persoas -no número que consideren oportuno- que van a actuar como **apoderadas**. Para iso utilizará os modelos que figuran como anexos IV (persoas interventoras) e V (persoas apoderadas) da orde de convocatoria.

A diferenza entre as persoas que actúan como interventoras e as apoderadas é que mentres as primeiras teñen que ser votantes da mesa na que actúan e forman parte dela, polo que poden participar nas súas deliberacións, con voz pero sen voto, as apoderadas non están vinculados a unha mesa concreta, nin teñen porque ser electoras, e teñen dereito a acceder libremente aos locais electorais, a examinar o desenvolvemento das operacións de voto e escrutinio, a formular reclamacións e protestas e a obter copia das actas de constitución e escrutinio no caso de que non se entregasen a outra persoa apoderada ou interventora da mesma candidatura.

As credenciais deben ser validadas polo secretario ou secretaria do consello regulador (estampando a súa sinatura e o selo do consello), que entregará á persoa representante da candidatura unha copia para o interesado ou interesada. O consello regulador quedará con outros dous exemplares de cada credencial no caso das persoas interventoras (unha para quedar na secretaría do consello regulador e outra para enviar á correspondente mesa electoral) e



un exemplar no caso das credenciais de persoas apoderadas (para a secretaría do consello regulador).

8. VOTO POR CORREO

O voto por correo regúlase no artigo 53 do Decreto 4/2007. A solicitude pode facerse dende a data de exposición de censos definitivos (**5.01.2023**) ata o décimo día anterior ao de votación (ata o día **9.02.2023**, polo tanto). A solicitude ten que formularse persoalmente ante a secretaría do consello regulador, agás nos supostos de enfermidade ou incapacidade xustificadas que impidan a formulación persoal da solicitude.

A mecánica da solicitude do voto e da tramitación están recollidas no citado artigo do Decreto 4/2007.

9. SOBRES E PAPELETAS

Cada consello regulador deberá confeccionar os seus sobres e papeletas, que deberán ser aprobados pola Xunta Electoral (artigo 52 do Decreto 4/2007).

10. VOTACIÓN E ESCRUTINIO

De acordo co calendario electoral, o día sinalado para a votación en relación con aqueles censos en que concorran varias candidaturas e que non houberse pactos electorais, é o día **19 de febreiro de 2023**. A continuación descríbense todas as operacións que se han desenvolver na xornada electoral, durante a cal estará constituída a Xunta Electoral (sería conveniente que tamén o estiveran os plenos dos consellos reguladores nos que haxa proceso electoral), para exercer as súas competencias no proceso. Como xa se indicou na introdución deste documento, algunha das cuestións que se recollen neste punto non están no citado Decreto 4/2007 nin na convocatoria electoral, senón que están tomadas, coas adaptacións necesarias, de anteriores procesos electorais.



10.1 Constitución da mesa electoral

a) Formación da mesa

As persoas designadas para ostentar a presidencia e as vogalías e as súas suplentes (así como a funcionaria ou o funcionario que se designase para que actúe en apoio da mesa) reuniranse ás 9:00 do día **19 de febreiro** (domingo) no local correspondente, para determinar os tres que formarán a mesa electoral.

No caso de que a persdoa designada para ocupar a presidencia da mesa como titular non acudise, será substituída pola súa primeira suplente. Se tamén faltase esta, a substituirá a segunda suplente e, se tampouco acudise, tomará posesión da presidencia a primeira vogal, ou a segunda vogal, por esta orde.

As persoas designadas como vogais que non acudisen ou que tomasen posesión para exercer a presidencia, serán substituídas polas designadas como suplentes delas.

Non pode constituírse a mesa sen a presenza da presidencia e dúas vogalías. De non se poder cumprir este requisito, os membros da mesa que acudisen, ou no seu defecto, a persoa empregada pública, estenderán e subscribirán unha declaración dos feitos acaecidos, que enviarán á Xunta Electoral, comunicándollo igualmente por teléfono. A Xunta Electoral designará en tal caso libremente as persoas que constituirán a mesa, e poden mesmo ordenar que formen parte dela algúns dos electores presentes no local.

Se a pesar do establecido, non puidera constituírse a mesa unha hora despois da do inicio da votación, os membros desta que acudisen ou, no seu defecto, a persoa empregada pública, comunicarán esta circunstancia á Xunta Electoral, a cal convocará para unha nova votación na mesa dentro dos dous días seguintes.



b) Recepción dos interventores das distintas candidaturas

Entre as 9:00 e as 9:30, o presidente ou presidenta esixirá ás persoas interventoras a acreditación da súa identidade, mediante a credencial do seu nomeamento que previamente lles expediu o consello regulador, a cal cotexará coa que está en poder da mesa, dándolle, de ser o caso, posesión do cargo.

c) Acta de constitución da mesa electoral

A mesa electoral estenderá a acta de constitución (como anexo XVI inclúese un posible modelo) na que se fará constar os membros que a integran e as persoas interventoras designadas. Iniciada a redacción desta non se variará a composición, aínda que se presenten as persoas titulares orixinais.

O orixinal da acta e unha fotocopia serán para os dous sobres da documentación electoral. Poderán facerse máis fotocopias para entregar ás persoas representantes das candidaturas. Neste senso, a presidencia deberá entregar unha copia da acta á persoa interventora ou apoderada que a solicite, pero non hai obriga de entregar máis dunha por cada candidatura.

Unha vez confeccionada a acta, se se presentasen máis persoas interventoras non se lles dará posesión do seu cargo.

10.2. Votación

a) Apertura da mesa electoral e comezo da votación

A continuación iniciarase a votación, ás **10:00 horas**, e continuará ata as **17:00 horas**.

Só por causas de forza maior poderá non iniciarse, ou suspenderse se xa se iniciase, o acto de votación, baixo a responsabilidade da presidencia, que resolverá en escrito razoado, enviándollo inmediatamente á Xunta Electoral (antes de tomar esta decisión, sería conveniente comunicarllo verbalmente).



No caso de suspensión da votación, non se teñen en conta os votos emitidos, nin se procede ao seu escrutinio. Nese caso, a presidencia ordena a destrución das papeletas, consignándoo no escrito.

No caso de ausencia de papeletas dalgunha candidatura, se non se poden suplir mediante as que tivesen as persoas que actúan como apoderadas e interventoras, hai que comunicarllo ao consello regulador para que subministre máis. A votación pode estar interrompida unha hora, e se prorrogará despois tanto tempo como estivera interrompida.

b) Mecánica da votación

• Identificación

Cada persoa electora poderá identificarse coa presentación do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou permiso de conducir. Deberán ser orixinais e non importa que se atopen caducados.

Cando a persoa electora que figura no censo sexa unha persoa xurídica, votará o seu representante legal. Para estes efectos, en aplicación do artigo 57.3 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, e para os efectos da emisión do voto, se considera como representante legal á persoa física a cuxo favor outorgue a persoa xurídica correspondente a facultade de emitir o voto, mediante un certificado que acredite o acordo do órgano colexiado nese sentido. Así, as persoas físicas que exerzan o voto en nome das persoas xurídicas, en concreto en nome das sociedades mercantís, das sociedades agrarias de transformación e sociedades cooperativas e das comunidades de bens, deberán presentar o día da votación ante a mesa un certificado no que conste o acordo do órgano colexiado de goberno das ditas persoas xurídicas (Consello de Administración, Xunta Reitora, membros da Comunidade de bens) coa data no que se adoptou o acordo, asinado pola persoa que exerza a secretaría co visto e praxe de quen ostente a presidencia, consonte se autoriza a unha determinada persoa física para a emisión do voto no nome da persoa xurídica.



Xúntase como anexo XVII o modelo xeral de certificado de acreditación da representatividade da persoa xurídica, aplicable a todas as sociedades, e como anexo XVIII un modelo específico de certificado de acreditación da representatividade das comunidades de bens.

A certificación acreditativa da representatividade da persoa física para poder actuar en nome da respectiva persoa xurídica quedará en poder da mesa correspondente.

En todos os casos se realizará a correspondente anotación na lista de votantes, tanto da razón social da persoa xurídica como da persoa física que votou no seu nome

A persoa que figure en máis dun censo poderá votar en cada un deles, na correspondente urna.

- **Emisión do voto**

Identificada a persoa electora, as persoas que actúan como vogais e interventoras comprobarán, mediante o exame do censo o seu dereito de voto na mesa.

Comprobada a identidade da persoa electora e o seu dereito a votar na mesa, a persoa que ostenta a presidencia da mesa solicitaralle o sobre de votación e o depositará na urna. Non debe introducirse o voto ata comprobar a inscrición no censo da persoa electora.

A mesa deberá contar en todo momento, cando menos, coa presenza de dous dos seus tres membros.

- **Marcación do voto**

Unha das persoas que actúa como vogal da mesa e, de ser o caso, as persoas interventoras que o desexen, anotarán na lista numerada (achégase modelo como anexo XIX) o nome e apelidos dos votantes, pola orde na que emitan o



seu voto, expresando o número co que figuran na lista do censo electoral. Haberá unha lista numerada diferente por cada censo o subcenso e polo tanto, por cada urna con que conte a mesa.

Estas listas asínanas despois as persoas que ostenten a presidencia e as vogalías e as persoas interventoras que o desexen, á marxe de todas as follas e inmediatamente debaixo do nome da última persoa votante.

- **Remate da votación**

Ás 17:00 horas a presidencia anunciará en voz alta que vai concluír a votación, aínda que deberá permitir o voto das persoas electoras que se atopen no local ou no seu acceso agardando para votar.

Despois votarán as persoas interventoras, as vogais e, finalmente, quen ostenta a presidencia.

Se antes das 17:00 horas tivesen votado todas as persoas electoras, a presidencia poderá dar por concluída a votación. No caso de que esta circunstancia se dera en todas as mesas correspondentes ás eleccións dun consello regulador, poderase iniciar o proceso de escrutinio. En caso contrario, poderanse gardar as urnas e pechar o local de votación ata as 17:00 horas, momento no que se deberá volver a reunir a mesa para iniciar o proceso de escrutinio.

10.3. A orde no local electoral

A presidencia velará polo correcto desenvolvemento da votación e pola conservación da orde, asegurando a liberdade das persoas electoras e mantendo a observancia da lei.

No caso de que detectase calquera incidencia que vulnerase estas previsións, poñeráo en coñecemento das autoridades competentes por razón da materia,



e de ser preciso da policía e, en todo caso, do consello regulador e da Xunta Electoral.

Igualmente, debe evitar calquera acto de propaganda electoral no propio local. As persoas apoderadas e interventoras das candidaturas poden ostentar emblemas e adhesivos para os únicos efectos da súa identificación como tales, sen que constitúa propaganda electoral.

10.4. Escrutinio

Terminada a votación comeza o escrutinio, que ten carácter público.

A presidencia extrae da urna, de un en un, os sobres e le en voz alta a denominación da candidatura. Unha vez lida, amosará cada papeleta ás persoas vogais, interventoras e apoderadas.

- **Validez dos votos emitidos**

Son votos nulos:

- Os emitidos en papeleta ou sobres non oficiais, ou que conteñan calquera tipo de marca, emenda ou tachadura.
- Os votos nos que, por calquera causa, non se puidera determinar inequivocamente a candidatura elixida, ou que conteñan máis dunha candidatura.

No caso de conter máis dunha papeleta da mesma candidatura, computarase como un só voto válido.

Son votos en branco os sobres que non conteñan ningunha papeleta.

- **Fin do escrutinio**

Terminado o reconto, se confrontará o total dos votos co total de persoas votantes anotadas na lista numerada.



A presidencia preguntará se hai algunha protesta contra o escrutinio, resolvéndose estas por maioría dos membros da mesa.

As papeletas ás que se negara validez ou que foran obxecto dalgunha reclamación, serán asinadas, polo reverso, polos membros da mesa e se unirán á acta de escrutinio (como anexo XX xúntase un posible modelo de acta de escrutinio). As demais destrúense unha vez rematado o escrutinio.

Inmediatamente despois, a presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando para cada censo:

- número de persoas electoras censadas.
- número de votantes.
- número de votos nulos.
- número de votos en branco.
- número de votos obtidos por cada candidatura.

Concluídas as operacións, as persoas que ostentan a presidencia, as vogalías e as que actúen como interventoras da mesa, se as houberse, asinarán a acta de escrutinio, consignando nela os resultados e demais datos que figuran nela. Utilizarase unha acta para cada censo ou subcenso.

O orixinal da acta de escrutinio será para o sobre da documentación electoral da Xunta Electoral e unha copia se incluírá no sobre que vai para o consello regulador. Outra copia debe fixarse nun lugar visible do local.

Daranse tamén copias das actas ás persoas que actúen como representantes, interventoras ou apoderadas que as soliciten, pero só hai obriga de entregar unha por cada candidatura.



10.5. Documentación electoral

a) Preparación

Acto seguido, cada mesa preparará a documentación electoral, que se distribuirá en dous sobres:

O primeiro sobre conterá:

- Orixinal da acta de constitución da mesa.
- Orixinal da acta de escrutinio.
- Lista do censo electoral utilizada.
- Listas numeradas de votantes.
- Papeletas ás que se negou validez ou foron obxecto de reclamación.
- Certificados acreditativos da representación das persoas xurídicas

O segundo sobre conterá copia das actas de constitución e de escrutinio.

Unha vez pechados os sobres, as persoas que ostentan a presidencia, as vogalías e as que actúen como interventoras da mesa, asinaranos por enriba dos pregos que os cerran.

b) Entrega

Unha vez preparada a documentación, a presidencia da mesa fará chegar no prazo de 24 horas, por si ou a través da funcionaria ou do funcionario designado pola Consellaría do Medio Rural, o primeiro sobre á Xunta Electoral e o segundo ao consello regulador.



11. PROCLAMACIÓN DE VOGAIS

De acordo co calendario aprobado, o día **21 de febreiro** a Xunta electoral, tras a atribución dos postos en función dos resultados, fará a proclamación das persoas elixidas como vogais. O sistema de asignación de votos é o proporcional directo, que atribúe as vogalías segundo o sistema que a continuación se detalla: divídense os votos de cada candidatura entre un número, que se obtén de dividir o número de votos válidos totais entre o número de vogais a elixir. Os resultados das divisións darán un valor para cada candidatura. A parte enteira do valor resultante será o número de vogais. Se aínda queda algún vogal por asignar, este será para a candidatura que teña un valor máis alto da parte decimal, e se queda algún vogal máis, para a seguinte que teña a parte decimal máis alta, e así sucesivamente. No anexo VI da orde de convocatoria figura un exemplo práctico de aplicación desta norma.

Contra a proclamación, os interesados poderán presentar **recurso** no prazo de **tres días naturais** ante a Conselleira do Medio Rural, a cal os **resolverá** con data límite o día **1.03.2023**. A presentación do recurso deberá ser comunicada á Xunta Electoral dentro do prazo indicado (polo tanto a máis tardar o día **24.02.2023**), presentando copia del na súa sede.

12. CONSTITUCIÓN DOS PLENOS E ELECCIÓN E NOMEAMENTO DE PRESIDENTES E VICEPRESIDENTES

De acordo co calendario electoral, entre os días **27 de febreiro** e **10 de marzo** constituiranse os plenos dos quince consellos reguladores. En cada caso, a sesión será presidida por un representante da Administración designado para o efecto polo Conselleiro do Medio Rural. Nesa sesión, na que se necesita un quórum de dous terzos, cada pleno elixirá quen van ser as persoas que ocupen a presidencia e a ou as vicepresidencias. A este respecto hai que indicar que, de acordo co decreto 4/2007, quen ocupe a presidencia non ten por que ter a condición previa de vogal, mentres que as vicepresidencias serán ocupadas necesariamente por persoas que teñan a condición de vogal. No caso de



empate na elección de algún dos cargos, procederase no terceiro día hábil seguinte a unha nova votación. De persistir o empate, procederíase de novo de igual xeito e, en caso de non se desfacer, decidiríase por sorteo que realizará a Xunta Electoral entre os candidatos que tivesen o mesmo número de apoios na última votación.

As persoas elixidas serán logo nomeadas polo Conselleiro do Medio Rural e o seu nomeamento será posteriormente publicado no DOG.

Santiago de Compostela, 21 de novembro 2023

ANEXOS

ANEXOS

ANEXO I: Orde de convocatoria electoral

ANEXO II: Capítulo VI do Decreto 4/2007: réxime electoral dos consellos reguladores

ANEXO III: Calendario electoral

ANEXO IV: Orientación para a aplicación provisional da Disposición adicional sétima da LOPDGDD

ANEXO V: Oficinas administrativas de exposición dos censos

ANEXO V BIS: Modelo de reclamación aos censos provisionais

ANEXO VI: Datos de contacto dos secretarios dos consellos reguladores

ANEXO VII: Modelo de resolución de reclamación contra non inclusión no censo

ANEXO VIII: Modelo de dilixencia de presentación de candidatura

ANEXO IX: Modelo de documento acreditativo da recepción de candidaturas

ANEXO X: Modelo de documento para presentación de candidaturas

ANEXO XI: Modelo de documento de declaración de aceptación do candidato e de non incorrer en causas de inelexibilidade

ANEXO XII: Modelo de proclamación provisional de candidatura

ANEXO XIII: Modelo de resolución de non proclamación de candidatura

ANEXO XIV: Modelo de pacto electoral

ANEXO XV: Modelo de escrito de notificación de nomeamento dos membros das mesas electorais

ANEXO XVI: Modelo de acta de constitución da mesa electoral

ANEXO XVII: Modelo xeral de certificado de acreditación da representatividade da persoa xurídica

ANEXO XVIII: Modelo específico de certificado de acreditación da representatividade das comunidades de bens

ANEXO XIX: Modelo de lista numerada de votantes

ANEXO XX: Modelo de acta de escrutinio

ANEXO I

ORDE DE CONVOCATORIA ELECTORAL

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 7 de novembro de 2022 pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario.

As denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas creáronse como instrumentos para protexer e promover as producións de calidade propias de determinados territorios e son, polo tanto, elementos importantes para o desenvolvemento rural. Están reguladas actualmente mediante diversa normativa europea, que trata de dar un enfoque común en todo o territorio da Unión aos diferentes réximes de calidade. A estes réximes de calidade habería que unir tamén o constituído pola produción ecolóxica, o cal tamén é obxecto de regulación mediante normativa europea.

A escala autonómica, a regulación destes indicativos de calidade realizouse mediante a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, que a desenvolve.

A dita normativa autonómica regula a figura dos consellos reguladores como corporacións de dereito público aos cales se atribúe a xestión da denominación, para o que actúan con autonomía económica e plena capacidade de obrar. A tutela administrativa sobre cada Consello Regulador exercea a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate, agraria ou mariña.

Esta normativa autonómica establece tamén que os órganos de goberno dos consellos reguladores deben renovarse cada catro anos e que é competencia da consellería que exerce a dita tutela realizar a correspondente convocatoria, aínda que aos consellos reguladores lles corresponde a organización do proceso de acordo con principios democráticos e respectando as normas básicas do réxime electoral que se recollen no capítulo VI do citado Decreto 4/2007.

O último proceso electoral no relativo aos produtos do sector agroalimentario –e, polo tanto, competencia da Consellería do Medio Rural– desenvolveuse tras a publicación da Orde do 3 de abril de 2017 da dita consellería (DOG núm. 67, do 5 de abril), pola que se convocaron eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Val-



deorras, do Consello Regulador das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla, San Simón da Costa, Cebreiro e Pemento de Herbón, dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Faba de Lourenzá, Castaña de Galicia, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia, e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. Logo da toma de posesión dos vogais electos destes vinte e un consellos reguladores e da elección por eles das persoas que haberían de ocupar a presidencia e a/as vicepresidencia/s de cada Consello Regulador, o proceso culminou coa aprobación da orde da Consellería do Medio Rural pola que se procedía ao seu nomeamento, que se publicou no DOG do día 3 de agosto de 2017.

Por outra parte, na citada convocatoria do ano 2017 non se incluíu o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Lacón Gallego. Para este, a última convocatoria electoral foi a que se realizou mediante a Orde do 3 de agosto de 2007. Este Consello Regulador non se incluíu na convocatoria de 2017 debido a que no momento da convocatoria non tiñan adaptado o seu regulamento ao contido da citada Lei 2/2005, do 18 de febreiro, e do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Tampouco se incluíron na convocatoria de 2017 o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pemento de Oímbra e o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pemento de Mougán, porque naquel momento levaban pouco tempo constituídos como consellos reguladores provisorios e o número de operadores inscritos era moi baixo, o que non aconsellaba desenvolver un proceso electoral para eles.

Así mesmo, cómpre indicar que desde a celebración do proceso electoral de 2017 se constituíron dous novos consellos reguladores, o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia –que xestiona as indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca Gallega-Buey Gallego e que veu substituír o Consello Regulador da IXP Ternera Gallega– e o Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pan Galego, o de máis recente constitución. Ambos os consellos reguladores, como ocorre cos das indicacións xeográficas protexidas Pemento de Oímbra e Pemento de Mougán, funcionan con órganos de goberno provisorios mentres non se realice un proceso electoral.

De acordo co exposto nos parágrafos anteriores, é necesario realizar a convocatoria electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, dado que actualmente todos eles excederon o tempo do seu mandato.



A situación que estamos a vivir desde hai máis de dous anos por mor da pandemia da COVID-19 impediu que se convocase un novo proceso electoral no prazo establecido no citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro. Unha vez que, grazas á vacinación masiva da poboación, a situación sanitaria é moito máis favorable e se vai recuperando a normalidade na actividade económica e social, cómpre convocar un novo proceso electoral, o cal é o obxecto desta orde.

Porén, nesta convocatoria exclúense once dos vinte e seis consellos reguladores constituídos actualmente. Estes consellos reguladores son os das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e os das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto, Pemento da Arnoia, Pemento de Oímbra, Pemento de Mougán e Pan Galego.

Os once consellos reguladores que quedan excluídos desta convocatoria son de moi escaso número de inscritos (representan pouco máis do 2 % do total de operadores en réximes de calidade), o que dificulta a formación de candidaturas; e tamén de moi escaso volume de actividade (o valor total da produción destas denominacións é inferior ao 0,5 % do valor total das producións acollidas a réximes de calidade). En definitiva, son consellos reguladores en que o proceso de renovación suscita pouco interese tanto nos operadores como nos axentes sociais e que, ademais, coa regulación prevista na futura Lei da calidade alimentaria de Galicia, actualmente en tramitación, probablemente moitos deles –senón todos– se reconverterán en asociacións sectoriais sen ánimo de lucro e de adscrición voluntaria.

Como se indicou anteriormente, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, regula no seu capítulo VI o réxime electoral dos consellos reguladores. Nel establécese que os consellos reguladores rexeranse, nos seus aspectos básicos, polas normas comúns que figuran na súa sección primeira. Ademais, na sección segunda do dito capítulo VI recóllense outras normas electorais complementarias, de aplicación aos consellos reguladores que non establezan normas específicas nos seus regulamentos que as substitúan. Dado que ningún dos regulamentos dos consellos reguladores que se van convocar establece disposicións específicas no relativo ao réxime electoral –remitíndose este réxime en todos eles ao contido nas seccións primeira e segunda do dito capítulo VI do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro–, serán as normas recollidas neste decreto as aplicables aos procesos electorais que se convoquen para estes órganos.

Polo tanto, cómpre realizar a convocatoria de eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Monterrei,



Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla e San Simón da Costa; dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea e Castaña de Galicia; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. Por outra parte, é necesario prorrogar o mandato dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e o dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia. A dita prórroga debe ser por un tempo suficiente para a súa adaptación ás previsións que se recollen na nova normativa autonómica sobre a materia, actualmente en tramitación.

Por todo o anterior, logo da audiencia dos consellos reguladores afectados e no uso das facultades que me confire o citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria*

De acordo co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, mediante esta orde convócanse eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras; do Consello Regulador das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla e San Simón da Costa; dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Castaña de Galicia; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Artigo 2. *Calendario electoral*

1. O calendario electoral será o que se recolle como anexo I desta orde.
2. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando están sinalados por días, entenderanse días naturais e rematarán ás 14.00 horas do



derradeiro día do prazo. O lugar de presentación será a sede do correspondente Consello Regulador ou a da Xunta Electoral, segundo quen deba coñecelos, excepto a presentación de reclamacións sobre os censos, que poderá facerse, ademais de na sede do correspondente Consello Regulador, nos lugares sinalados de exposición destes. Neste caso, os interesados deberán remitir ao Consello Regulador correspondente por correo electrónico, no mesmo día, unha copia da reclamación presentada. Para estes efectos, os consellos reguladores darán publicidade, xunto cos censos, do enderezo electrónico ao que se poderá enviar a reclamación.

Artigo 3. *Xunta Electoral*

1. Conforme o disposto no artigo 41 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, constituirase unha única xunta electoral para as eleccións aos quince consellos reguladores que se convocan mediante esta orde.

2. A sede da Xunta Electoral serán as dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, no Complexo Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.

3. A Xunta Electoral estará presidida polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, que terá como suplente o xerente da dita Axencia.

4. A Xunta Electoral estará integrada, ademais, por:

a) Tres funcionarias ou funcionarios dos grupos A1 ou A2 da Consellería do Medio Rural ou dos seus organismos e entes dependentes.

Suplentes: tres persoas cos mesmos requisitos que as titulares.

b) Tres representantes das organizacións profesionais agrarias e das asociacións de produtores do sector agrario de ámbito galego máis representativas (censos A). Como organizacións profesionais agrarias entenderanse as constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, ou de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e con representación no Consello Agrario Galego.

c) Tres representantes das asociacións empresariais dos sectores industriais implicados que contén con maior implantación (censos B e D).



d) Un representante das cooperativas dos sectores implicados ou das súas asociacións con maior implantación.

Se o número de candidaturas presentadas para a cobertura das prazas da Xunta electoral en representación dalgún dos diferentes sectores a que se refiren as letras b), c) e d) anteriores é inferior ao que se recolle nelas, axustarase a composición final á cifra de candidaturas válidas presentadas para ese sector.

e) Secretario ou secretaria: unha persoa funcionaria do grupo A1, licenciada en dereito, da citada consellería ou dos seus organismos e entes dependentes.

Suplente: unha persoa cos mesmos requisitos que a titular.

4. Unha mesma organización profesional agraria, asociación ou entidade cooperativa ou asociación destas non poderá ter máis dun representante.

Artigo 4. *Presentación de candidaturas para a Xunta Electoral e designación*

1. O proceso electoral dará comezo o día 11 de novembro. Desde ese día e ata o día 15.11.2022, as organizacións profesionais agrarias, asociacións e cooperativas e as súas asociacións, relacionadas coa actividade das denominacións de calidade para as que se convocan eleccións, poderán presentar candidaturas a vogais da Xunta Electoral. As candidaturas conterán un membro titular e un suplente.

2. A presentación de candidaturas farase na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Consellería do Medio Rural (no Complexo Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela), mediante solicitude acompañada da documentación requirida no artigo 42 do Decreto 4/2007 citado. Ademais, para avaliar a súa representatividade, no caso das asociacións representativas do sector empresarial industrial e do sector cooperativo e no das cooperativas de segundo e ulterior grao, presentarase unha certificación coa relación de asociados que están inscritos nalguna das denominacións de calidade para as que se convocan eleccións, en que se especificarán as denominacións en que están inscritos.

3. No suposto de organizacións profesionais agrarias, asociacións ou cooperativas e as súas asociacións integradas noutras de ámbito superior, aquelas unicamente poderán presentar candidaturas se estas non o fixesen.



4. O día 21.11.2022 procederáse á designación dos membros da Xunta Electoral. A designación de todos eles, titulares e suplentes, será realizada mediante resolución do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Na dita designación teranse en conta a formación académica e a experiencia dos candidatos e candidatas. Ademais, no caso das asociacións de produtores do sector agrario de ámbito galego, para avaliar a súa representatividade teranse en conta os resultados do último proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores realizado en 2017 e, no caso das persoas representantes de asociacións empresariais do sector industrial e cooperativas e as súas asociacións, o grao de implantación destas no sector da actividade da correspondente denominación de calidade, medido este en función dos resultados do dito proceso electoral, do número de socios inscritos, do número de distintas denominacións a que pertencen e do volume de produción certificada comercializada de acordo cos datos do correspondente Consello Regulador.

5. Contra a dita designación poderase interpor, con data límite do 23.11.2022, recurso ante o conselleiro do Medio Rural, que resolverá como máis tarde o día 28.11.2022. O dito recurso será presentado nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Consellería do Medio Rural.

6. Tanto a designación das persoas membros titulares e suplentes da Xunta Electoral en representación dos diferentes sectores como, de ser o caso, a resolución dos recursos que se interpoñan contra a dita designación será notificada no enderezo electrónico autorizado pola organización proponente para os efectos da recepción das comunicacións, segundo o previsto no artigo 42.1.d) do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 5. *Censos electorais*

Os censos electorais, que deberán ser elaborados por cada Consello Regulador para o seu uso no proceso electoral, axustaranse ao modelo que figura no anexo II, e serán os seguintes:

a) Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei.

censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, con excepción daqueles que deban integrarse no censo C.

censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas que teñan que formar parte do censo C.



O censo B subdividirase, pola súa vez, en dous subcensos, en función da produción de viño cualificado e contraetiquetado como media nos últimos tres anos naturais (2019, 2020 e 2021). Os ditos subcensos serán:

- Subcenso B₁: adegas cunha produción menor ou igual a 30.000 litros.
- Subcenso B₂: adegas cunha produción maior de 30.000 litros.

Para as adegas que iniciasen a actividade nos últimos tres anos, se nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa vez, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño, así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas en que a maioría das participacións pertencen, directa ou indirectamente, a sociedades cooperativas da denominación.

b) Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, con excepción daqueles que deban integrarse no censo C. Pola súa vez, este censo dividirase en dous subcensos en función do tamaño das explotacións vitícolas:

- Subcenso A₁: en que se incluírán os titulares de explotacións con superficie igual ou menor de 2 ha.
- Subcenso A₂: formado polos titulares de explotacións vitícolas con superficie superior a 2 ha.

Pola súa vez, os vogais de cada un destes subcensos repartiranse por subzonas de produción de acordo co que se recolle no anexo III.



Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas que deban formar parte do censo C. Este censo subdividirase, pola súa vez, en función da produción cualificada nos tres últimos anos (2019, 2020 e 2021), de acordo cos seguintes límites:

– Subcenso B₁: adegas cunha produción menor ou igual a 100.000 litros.

– Subcenso B₂: adegas cunha produción maior de 100.000 litros. Pola súa vez, este subcenso dividirase en función das subzonas de elaboración de acordo co que se recolle no anexo III.

Para as adegas que iniciasen a actividade nos últimos tres anos, se nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa parte, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación de orixe, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño, así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas en que a maioría das participacións pertencen, directa ou indirectamente, a sociedades cooperativas da denominación.

c) Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas. Este censo, pola súa vez, dividirase en función da produción de uva entregada as adegas da denominación de orixe nos últimos tres anos (2019, 2020 e 2021) do seguinte xeito:

– Subcenso A₁: viticultores que están de alta no Consello Regulador pero non comercializaron uva ás adegas da denominación nos anos de referencia.

– Subcenso A₂: viticultores que entregaron uva a adegas da denominación nalgún dos anos de referencia e que non están incluídos no censo A₃.



– Subcenso A_3 : agrupará os viticultores que teñan máis superficie de viñedo inscrita no Rexistro de Viñas do Consello Regulador ata acumular o 45 % da superficie inscrita.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros do Consello Regulador. Este censo subdividirase en tres subcensos en función dos quilos de uva vinificados nos últimos tres anos, calculada a media como nos casos anteriores e de acordo cos seguintes valores:

– Subcenso B_1 : adegas que vinificaron menos quilos e que, polo tanto, non lles corresponde estar nos subcensos B_2 nin B_3 .

– Subcenso B_2 : adegas que vinificaron menos uva que as do subcenso B_3 e que acumulan ata o 15 % da uva procesada da denominación de orixe.

– Subcenso B_3 : agrupa o conxunto de adegas que no período de referencia vinificaron máis quilos de uva, ata acumular o 65 % da uva vinificada da denominación de orixe.

Para a realización dos cálculos a que se refiren os parágrafos anteriores e a determinación dos censos, terase en conta a media das tres últimas campañas.

d) Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro.

Censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, coas excepcións daqueles que deban formar parte do censo C, así como daqueles viticultores que, por teren adega de colleiteiro, deban estar no censo D.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas que deban figurar no censo C e das adegas de colleiteiro. Este censo dividirase en función da produción media dos últimos tres anos (2019, 2020 e 2021) do seguinte xeito:

– Subcenso B_1 : adegas cunha produción menor ou igual de 400.000 litros.

– Subcenso B_2 : adegas cunha produción maior de 400.000 litros.

Para as adegas que iniciasen a actividade nos últimos tres anos, se nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade.



censo C. Sector cooperativo: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador que sexan socios dalgunha cooperativa que sexa, pola súa parte, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación de orixe, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño, así como polos titulares das devanditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas en que a maioría das participacións pertencen, directa ou indirectamente, a sociedades cooperativas da denominación.

censo D. Sector colleiteiro: constituído polos titulares de adegas de colleiteiro, segundo o establecido no artigo 17.1 do regulamento desta denominación de orixe e do seu Consello Regulador. Os inscritos neste censo non poderán estar inscritos en ningún outro censo.

e) Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras.

censo A. Sector produtor: constituído polos titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador, con excepción daqueles que deban formar parte do censo C.

Este censo divídese en dous subcensos do seguinte xeito:

– Subcenso A_1 : conformado polas persoas viticultoras que achegaron ao Consello Regulador un maior volume económico en concepto de cotas por actividade nos últimos tres anos naturais (2019, 2020 e 2021) ata acumular dúas terceiras partes do total das cotas ingresadas polo Consello Regulador. En todo caso, este censo non será inferior ao 25 % do total de viticultores do censo A.

– Subcenso A_2 : forman parte deste subcenso o resto das persoas viticultoras do censo A.

censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de adegas inscritas nos rexistros da denominación, con excepción das adegas que deban figurar no censo C. Este censo subdividirase do seguinte xeito:

– Subcenso B_1 : adegas do censo B que achegaron ao Consello Regulador un maior volume económico en concepto de cotas polos diferentes servizos (control en vendima, verificación e expedición de contraetiquetas) nos últimos tres anos naturais (2019, 2020 e



2021), ata acumular 2/3 partes do total das cotas ingresadas polas adegas do censo B ao Consello Regulador nestes conceptos. Este censo non será inferior ao 25 % do total dos inscritos nel.

– Subcenso B₂: forman parte del o resto de adegas do censo B.

Censo C. Sector cooperativo: constituído polas persoas titulares de viñedos inscritos no Rexistro de Viñas do Consello Regulador que sexan socias dalgunha cooperativa que sexa, pola súa parte, titular, directa ou indirectamente, dalgunha adega inscrita na denominación de orixe, a través da cal transformen a uva e comercialicen o viño, así como polos titulares das ditas adegas de base cooperativa.

Neste censo figurarán tamén as sociedades non cooperativas que sexan titulares de viñedos ou de adegas en que a maioría das participacións pertencen directa ou indirectamente a sociedades cooperativas da denominación.

f) Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Censo B₁: formado polos titulares de instalacións inscritas como produtoras de subprodutos de vinificación.

Censo B₂: formado polos titulares de instalacións de destilado.

Censo B₃: constituído polos titulares de locais de elaboración e envasado.

g) Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa.

Censo A. Sector produtor e comercializador de leite: constituído polas persoas titulares de explotacións gandeiras e as empresas que actúen como primeiras compradoras de leite que estean inscritas nos rexistros correspondentes do Consello Regulador.

Censo B. Sector industrial: constituído polas persoas titulares de queixarías e locais de maduración inscritas no rexistro correspondente do Consello Regulador. Este censo subdivídese en 2 subcensos, en función da produción de queixo certificado e contraetiquetado como media nos 3 últimos anos naturais (2019, 2020 e 2021). Para as industrias que iniciasen a actividade nos últimos, tres anos, se nalgún deses anos non tivesen actividade,



faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade. Os subcensos serán os seguintes:

– Subcenso B₁: titulares de queixerías e locais de maduración cunha produción menor, ata acumular o 40 % da produción total.

– Subcenso B₂: resto de titulares de queixarías e locais de maduración.

h) Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Queixo Tetilla.

Censo A. Sector produtor e comercializador de leite: constituído polas persoas titulares de explotacións gandeiras e de empresas primeiras compradoras de leite inscritas nos rexistros correspondentes do Consello Regulador.

Censo B. Sector industrial: constituído polas persoas titulares de industrias elaboradoras de queixo inscritas no Rexistro de Queixarías do Consello Regulador.

i) Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa.

Censo A. Sector produtor: constituído polas persoas titulares de explotacións gandeiras inscritas no rexistro correspondente do Consello Regulador.

Censo B. Sector industrial: constituído polas persoas titulares de industrias elaboradoras de queixo inscritas nos rexistros de queixarías e de locais de maduración e de afumadura do Consello Regulador.

j) Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia.

Censo A. Sector produtor: configurado coas persoas titulares de parcelas de cultivo inscritas no Rexistro de Plantacións.

Censo B. Sector industrial: formado polos titulares de instalacións de almacenaxe e envasado inscritas no correspondente rexistro do Consello Regulador.

k) Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia.

Censo A. Sector produtor: constituído polas persoas titulares de instalacións inscritas no Rexistro de Explotacións do Consello Regulador. Este censo subdivídese en tres subcensos en función do número medio de colmeas dos tres últimos anos (2019, 2020 e 2021).



Para as explotacións que iniciasen a actividade nalgún dos tres anos de referencia, se nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade. Estes subcensos son:

- Subcenso A_1 : explotacións cun número de colmeas igual ou inferior a 150.
- Subcenso A_2 : explotacións cun número de colmeas maior de 150 e menor ou igual a 400.
- Subcenso A_3 : explotacións cun número de colmeas maior de 400.

Censo B. Sector industrial: constituído polos titulares de instalacións inscritas no Rexistro de Instalacións de Extracción, Almacenamento e/ou Envasado do Consello Regulador.

Este censo subdivídese en dous subcensos, en función da produción comercializada baixo a indicación xeográfica protexida como media nos tres últimos anos naturais (2019, 2020 e 2021). Para as instalacións que, por teren iniciado a actividade dentro dos últimos anos, nalgún deses anos non tivesen actividade, faranse os cálculos tendo en conta só os anos en que houbo actividade. Estes subcensos son:

- Subcenso B_1 : instalacións cunha produción menor ou igual a 50.000 kg anuais.
- Subcenso B_2 : instalacións cunha produción maior de 50.000 kg anuais.

l) Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea.

Censo único: constituído polos titulares de fornos elaboradores inscritos no Rexistro do Consello Regulador.

m) Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia.

- Sector produtor:

Censo A: constituído polos titulares de explotacións inscritas no Rexistro de Produtores e Plantacións.



– Sector industrial:

Censo B₁: constituído polos titulares de instalacións inscritas no Rexistro de Operadores-Comercializadores e Almacenistas en Fresco.

Censo B₂: constituído polos titulares de instalacións inscritas no Rexistro de Instalacións de Procesamento.

n) Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia.

– Sector produtor:

Censo A₁: constituído polas persoas titulares de explotacións inscritas no Rexistro de Gandarías do Consello Regulador.

Censo A₂: constituído polas persoas titulares de explotacións inscritas no Rexistro de Cebadoiros do Consello Regulador.

– Sector industrial:

Censo B: constituído polos titulares de industrias cárnicas inscritas no Rexistro de Matadoiros do Consello Regulador. Dividirase en dous subcensos, segundo o número de canais certificadas no ano 2021:

– Subcenso B₁: matadoiros con ata 2.000 canais certificadas.

– Subcenso B₂: matadoiros cunha cantidade de canais certificadas superior a 2.000.

Censo D: constituído polos titulares de industrias cárnicas inscritas no Rexistro de Salas de Despezo do Consello Regulador.

Censo E: constituído polos titulares de establecementos inscritos no Rexistro de Grosistas e Retallistas de Carne do Consello Regulador.

ñ) Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

– Sector produtor:

Censo A₁: constituído polos titulares de explotacións agrícolas inscritas no Rexistro de Empresas Agrarias de Producción Vexetal. Neste censo inclúense tamén os recolectores de algas.



Censo A₂: conformado cos titulares de explotacións gandeiras inscritas no Rexistro de Empresas Agrarias de Producción Animal, incluídas as explotacións de acuicultura.

– Sector industrial:

Constituído polos inscritos no Rexistro de Operadores Titulares de Industrias Elaboradoras e/ou Envasadoras.

Este censo divídese en tres subcensos, en función do volume de negocio anual declarado como media nos tres últimos anos naturais (2019, 2020 e 2021) ante o Consello Regulador. Para as industrias que iniciasen a súa actividade nos últimos tres anos, se non tiveron actividade nalgún deles, calcularase o valor tendo en conta só o ano ou os anos de actividade. Os subcensos son os seguintes:

– Subcenso B₁: industrias cunha facturación anual de produtos controlados polo Craega igual ou inferior a 100.000 € anuais.

– Subcenso B₂: industrias cunha facturación declarada igual ou inferior a 600.000 € anuais e superior a 100.000 €.

– Subcenso B₃: industrias cunha facturación declarada superior a 600.000 €.

– Sector comercializador:

Censo D: constituído polos inscritos no Rexistro de Operadores Titulares de Empresas Importadoras e/ou Comercializadoras. Neste censo figurarán exclusivamente aqueles operadores que non teñan instalacións nin manipulen o produto, é dicir, que só comercialicen, importen ou exporten produto.

Artigo 6. *Normas para a confección dos censos*

1. A data límite para pechar a confección do censo será a de publicación desta orde de convocatoria, polo que os inscritos con posteridade á dita data non se incluírán nos censos. Os consellos reguladores poderán exixir que para figurar no censo as persoas interesadas estean ao día no pagamento das súas obrigas.

2. Nos censos descritos no artigo 5 anterior figurarán exclusivamente os titulares inscritos e con actividade nos rexistros correspondentes do Consello Regulador. De acordo con



isto, con carácter xeral, incluíranse exclusivamente os titulares que tivesen actividade nalgunha das tres últimas campañas. Non obstante, nas denominacións que teñan establecidas cotas periódicas para o mantemento da inscrición, poderase considerar, se así o teñen estipulado, que tiveron actividade aqueles operadores que, aínda que non producen ou elaborasen produtos para amparar ou amparados pola denominación, teñan pagadas as cotas correspondentes.

No caso dos inscritos no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, nos censos figurarán aqueles operadores que teñan o certificado de conformidade de acordo coa norma UNE-EN-ISO 17065 en vigor na data de peche do censo.

3. Como excepción ao previsto con carácter xeral para todos os consellos reguladores no punto 2 anterior, e sen prexuízo do indicado nel para o caso particular do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, poderán figurar no censo:

a) No caso das denominacións de orixe vitivinícolas, os viticultores que non entregasen uva en ningunha das tres últimas campañas debido a ter sometido a totalidade das súas plantacións a procesos de reconversión e reestruturación.

b) No caso dos inscritos nos rexistros de produtores dos subsectores agrícola e gandeiro do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia que, por encontrarse as súas explotacións no período de conversión indicado polo Consello Regulador, aínda non puidesen ter actividade económica dentro da denominación. Inclúranse neste suposto aquelas explotacións que finalizasen o período de conversión despois do 1 de xullo de 2021.

4. Dentro do sector produtor vitícola, unha mesma persoa física ou xurídica só poderá figurar nun censo ou subcenso. No caso de que un titular teña a súa explotación en parte adherida á cooperativa e en parte non, ou que unha parte estea nunha subzona e outra parte noutra, deberá figurar no censo ou subcenso en que teña a maior parte da superficie inscrita.

Artigo 7. *Exposición de censos*

1. Cada Consello Regulador, unha vez elaborados os censos, expoñeraos na súa sede e remitiraos aos lugares seguintes, para a súa exposición:

– Á sede da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, onde se exporá a totalidade dos censos.



– Ás xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural, onde se exporán, cando menos, os censos correspondentes aos inscritos na provincia.

– Ás oficinas agrarias comarcais, onde se exporán, cando menos, os censos correspondentes aos inscritos do seu ámbito xeográfico.

Na exposición dos censos respectarase a normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

2. Os censos expóranse nos lugares sinalados no punto 1 anterior entre os días 2.12.2022 e 14.12.2022 (ambos os dous incluídos), de acordo co calendario electoral do anexo I.

3. Durante o citado período de exposición os interesados poderán formular reclamacións ante o correspondente Consello Regulador, que deberá resolvelas con data límite o día 21.12.2022.

4. Contra as ditas resolucións, os interesados, con data límite o 26.12.2022, poderán formular recurso ante a Xunta Electoral, a cal resolverá como máis tarde o día 3.1.2023. Esta resolución notificarase tanto á persoa interesada como ao Consello Regulador. No caso do Consello Regulador, a notificación realizarase á conta de correo electrónico autorizada para o efecto.

5. Unha vez resoltas as reclamacións e os recursos presentados, expóranse os censos definitivos nos mesmos lugares que no caso dos provisionais, de acordo co establecido no calendario electoral do anexo I.

Artigo 8. *Candidaturas*

1. A partir do día 23.12.2022, e ata o día 5.1.2023, ambos incluídos, poderán presentarse candidaturas ante o Consello Regulador, de acordo cos artigos 49 e 50 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

2. Para os censos de produtores primarios (censos A), as candidaturas poderán ser presentadas polas organizacións profesionais agrarias, entendidas estas como as organizacións representativas dos operadores do sector agrario legalmente constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, ou de acordo coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e as asociacións profesionais, entendidas estas como calquera asociación en que participen os produtores



agrarios inscritos no correspondente Consello Regulador legalmente constituídas, de acordo coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, ou de acordo coa Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico. Ningunha destas asociacións precisará da presentación de avais.

Así mesmo, poderán presentarse candidaturas independentes, en que o promotor non é unha persoa xurídica, ás que se lles exixirá vir avaladas, como mínimo, por un 10 % dos inscritos no censo ou subcenso a que concorran.

3. Para o caso dos censos de actividades industriais (elaboración e comercialización, censos B, D e E), as candidaturas poderán ser presentadas por asociacións profesionais, entendidas estas como as legalmente constituídas de acordo coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, de acordo coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, ou de acordo coa Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico. Ningunha destas asociacións precisará da presentación de avais.

Tamén poderán presentarse candidaturas independentes, co aval do 10 % dos inscritos no censo ou subcenso a que concorran.

4. Para os censos específicos do sector cooperativo poderán presentar candidaturas as cooperativas inscritas neles e as asociacións ou cooperativas de segundo ou ulterior grao en que se integren, sen que sexa necesario presentar avais.

Tamén poderán presentarse candidaturas independentes, co aval do 10 % dos inscritos no censo ou subcenso a que concorran.

5. O día 12.1.2023, cada Consello Regulador realizará a proclamación provisional de candidaturas e a súa exposición pública na súa sede e fará a comunicación á Xunta Electoral.

6. No caso de que se proclamase provisionalmente algunha candidatura que puidese conter defectos ou non se proclamase algunha candidatura, no prazo dos cinco días naturais seguintes poderán presentarse reclamacións ou a documentación complementaria precisa ante o Consello Regulador, que resolverá nos tres días naturais seguintes.

7. Contra estas resolucións poderá interperse recurso ante a Xunta Electoral no prazo de cuatro días naturais. A Xunta Electoral resolverá nos tres días naturais seguintes e procederá á proclamación definitiva dos candidatos.



8. Unha vez que a Xunta Electoral proclame as candidaturas, se a totalidade das correspondentes a un censo ou subcenso chegan a un acordo na repartición das vogalías, darase por concluído o proceso electoral para ese censo ou subcenso e a Xunta Electoral proclamará como vogais os candidatos propostos. O dito acordo deberá presentarse ante a Xunta Electoral como máis tarde o 2.2.2023, e virá subscrito polos representantes de cada candidatura.

Artigo 9. *Vogais que se elixirán*

1. O número de vogais que se elixirá por cada censo e subcenso de cada Consello Regulador é o que figura no anexo III desta orde.

2. A distribución efectúase tendo en conta o establecido nos regulamentos dos consellos reguladores convocados a eleccións e atendendo ás propostas dos respectivos plenos e a criterios de representatividade económica e social, de conformidade co establecido no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Artigo 10. *Designación dos membros das mesas electorais*

Unha vez realizada a proclamación provisional de candidatos e candidatas, os consellos reguladores iniciarán o sorteo para a designación das persoas que compoñerán as mesas electorais, tanto titulares como suplentes, e logo notificaránllo ás persoas interesadas. Estas disporán dun prazo de seis días naturais para alegar ante o Consello Regulador os posibles motivos que consideren que lles impiden aceptar o cargo.

Os consellos reguladores resolverán sen ulterior recurso sobre as alegacións presentadas e, de resultar necesario, realizarán novos sorteos para cubrir as vacantes daquelas persoas a quen se lles aceptasen as excusas.

Artigo 11. *Credenciais de persoas interventoras e apoderadas*

De conformidade co establecido nos artigos 54 e 55 do Decreto 4/2007, ata o terceiro día anterior ao da votación, a persoa representante de cada candidatura poderá solicitar ante o Consello Regulador as credenciais de nomeamento de interventoras/es e apoderadas/os, para o cal utilizará os modelos que figuran nos anexos IV e V, respectivamente.



Artigo 12. Voto por correo

De acordo co establecido no artigo 53 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, as persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo mediante solicitude cursada ante a secretaria do Consello Regulador. A dita solicitude poderá realizarse a partir da data de exposición de censos definitivos e ata o décimo día anterior á data das eleccións.

Artigo 13. Votación, escrutinio, proclamación de vogais electos e constitución dos plenos

1. As persoas que exerzan a presidencia e as vogalías de cada mesa electoral reuniran-se ás 9.00 horas do día 19 de febreiro de 2023 no local designado para a votación. Durante a primeira media hora recibirán as credenciais das persoas interventoras que se presenten, compararanas coa copia que estará en poder da mesa e, de ser o caso, daránlles a posesión do cargo.

2. Ás 9.30 horas, a presidencia redactará a acta de constitución da mesa, que asinará xunto coas e cos vogais, ademais das persoas interventoras, se as houber, e ás 10.00 horas comezará a votación, que continuará sen interrupción ata as 17.00 horas.

3. Rematada a votación, a presidencia da mesa declarará cerrada esta e comezará o escrutinio, que se realizará de acordo co establecido no artigo 58 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

4. Segundo o establecido no artigo 59 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, cada mesa elaborará a documentación electoral, que se remitirá á Xunta Electoral e ao Consello Regulador correspondente no prazo das 24 horas seguintes.

5. No segundo día posterior ao da votación, a Xunta Electoral proclamará as persoas elixidas como vogais. Para a asignación de vogalías, de acordo co establecido no citado decreto, aplicarase o sistema proporcional directo. Como anexo VI xuntarase unha explicación da repartición de vogalías segundo este sistema, cun exemplo práctico.

6. Contra a dita proclamación, as persoas interesadas poderán presentar recurso no prazo de tres días naturais ante a conselleira do Medio Rural, a cal resolverá no prazo de cinco días naturais. A presentación do recurso deberá comunicarse á Xunta Electoral dentro dese prazo, presentando copia del na súa sede.



7. Entre os días 27 de febreiro e 10 de marzo, constituiranse os plenos dos consellos reguladores, en que tomarán posesión as persoas elixidas como vogais e se proporán as persoas candidatas á presidencia e vicepresidencia ou vicepresidencias.

Disposición adicional única. *Prórroga do mandato de determinados consellos reguladores*

Prorrógase o mandato dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e o dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia. A dita prórroga terá unha duración máxima de dous anos.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para ditar cantas instrucións sexan precisas para a execución desta orde.

Segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I
Calendario electoral

Día (*)		Fase do proceso electoral
11.11.2022	Ve	Data do comezo do proceso electoral.
15.11.2022	Ma	Fin do prazo de presentación de candidatos á Xunta Electoral.
21.11.2022	Lu	Designación dos membros da Xunta Electoral.



Día (*)		Fase do proceso electoral
23.11.2022	Me	Fin do prazo de presentación de recursos ante a conselleira do Medio Rural contra a designación dos membros da Xunta Electoral.
28.11.2022	Lu	Resolución polo conselleiro do Medio Rural dos recursos presentados contra a designación dos membros da Xunta Electoral.
30.11.2022	Me	Constitución da Xunta Electoral. Data límite para a aprobación dos censos provisionais polos plenos dos consellos reguladores.
2.12.2022	Ve	Inicio da exposición dos censos provisionais e do prazo para reclamacións sobre estes.
14.12.2022	Me	Último día de prazo para a presentación de reclamacións sobre os censos ante os consellos reguladores correspondentes.
21.12.2022	Me	Data límite para a resolución das reclamacións sobre os censos polos plenos dos consellos reguladores.
23.12.2022	Ve	Inicio do prazo de presentación de candidaturas.
26.12.2022	Lu	Fin do prazo de presentación de recursos sobre os censos ante a Xunta Electoral.
3.1.2023	Ma	Data límite para a resolución dos recursos sobre os censos pola Xunta Electoral.
5.1.2023	Xo	Exposición dos censos definitivos.
5.1.2023	Xo	Fin do prazo de presentación de candidaturas ante os consellos reguladores.
12.1.2023	Xo	Proclamación provisional de candidaturas polos plenos dos consellos reguladores e exposición pública. Primeiro sorteo para a designación dos membros das mesas.
17.1.2023	Ma	Fin do prazo de presentación de reclamacións sobre a proclamación de candidatos ante os consellos reguladores e de presentación de documentación complementaria.
20.1.2023	Ve	Data límite para a resolución das reclamacións polos plenos dos consellos reguladores.
24.1.2023	Ma	Fin do prazo de presentación de recursos sobre a proclamación de candidatos ante a Xunta Electoral.
27.1.2023	Ve	Data límite para a resolución dos recursos anteriores pola Xunta Electoral e proclamación definitiva dos candidatos.
2.2.2023	Xo	Fin do prazo de presentación de acordos electorais polas candidaturas.
3.2.2023	Ve	Comezo da campaña electoral.
17.2.2023	Ve	Fin da campaña electoral.
19.2.2023	Do	Constitución das mesas electorais e votación.
21.2.2023	Ma	Proclamación de vogais electos pola Xunta Electoral.
24.2.2023	Ve	Fin do prazo de presentación de recursos sobre a proclamación de vogais electos.
1.3.2023	Me	Data límite para a resolución dos recursos sobre a proclamación de vogais electos.
27.2.2023 a 10.3.2023	Lu a Ve	Toma de posesión dos vogais electos. Pleno constitutivo e proposta de persoas candidatas para ocupar a presidencia e vicepresidencia ou vicepresidencias.

(*) Nas fases que comprenden varios días, refírese ao último día do prazo, que rematará ás 14.00 horas dese día para os efectos de presentación de escritos, reclamacións, recursos e outra documentación.



ANEXO II

Modelo de impreso para presentación dos censos**Consello regulador _____ eleccións 2023**

Censo Folla nº

Subcenso

Número	Apelidos e nome ou razón social	DNI/NIF	Enderezo			Sección electoral	Observacións
			Rúa ou lugar	Parroquia	Concello		

A/o secretaria/o do Consello Regulador da

Conforme

A/o presidenta/e



ANEXO III

Composición do Consello Regulador
Número de vogais

a) Consello Regulador da DO Monterrei.

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
		B ₁ ≤ 30.000 l	B ₂ > 30.000 l	
Denominación de orixe Monterrei	3	1	2	1

b) Consello Regulador da DO Rías Baixas.

	Sector produtor Censo A		Sector industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
	A ₁ ≤ 2 ha	A ₂ > 2 ha	B ₁ ≤ 100.000 l	B ₂ > 100.000 l	
Denominación de orixe Rías Baixas	5*	4**	2	7***	4

* Estes 5 vogais elixíranse do seguinte xeito: 3 polos viticultores das subzonas do Salnés e Ribeira do Ulla, 1 polos das subzonas do Condado e Soutomaior e 1 polos da subzona do Rosal.

** Estes 4 vogais elixíranse do seguinte xeito: 2 polos viticultores do Salnés e Ribeira do Ulla, 1 polos das subzonas do Condado e Soutomaior e 1 polos da subzona do Rosal.

*** Estes 7 vogais elixíranse do seguinte xeito: 3 polas adegas das subzonas do Salnés e Ribeira do Ulla, 2 polas das subzonas do Condado e Soutomaior e 2 polas da subzona do Rosal.

c) Consello Regulador da DO Ribeira Sacra.

	Sector produtor Censo A			Sector industrial Censo B		
	A ₁ Non comerc.	A ₂ Menor sup.	A ₃ Maior sup.	B ₁ Adegas menores	B ₂ Adegas intermedias	B ₃ Adegas maiores
Denominación de orixe Ribeira Sacra	1	3	2	2	1	3



d) Consello Regulador da DO Ribeiro.

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C	Sector colleiteiro Censo D
		B ₁ ≤ 400.000 l	B ₂ > 400.000 l		
Denominación de orixe Ribeiro	3	2	1	3	1

e) Consello Regulador da DO Valdeorras.

	Sector produtor Censo A		Sector industrial Censo B		Sector cooperativo Censo C
	A ₁ Maior volume	A ₂ Resto	B ₁ Maior volume	B ₂ Resto	
Denominación de orixe Valdeorras	2	1	2	1	2

f) Consello Regulador das Indicacións Xeográficas de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

	Produtores subprodutos vinificación Censo B ₁	Instalacións de destilado Censo B ₂	Instalacións de elaboración e envasado Censo B ₃
Indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia	2	3	5

g) Consello Regulador da DOP Arzúa-Ulloa.

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B	
		B ₁ Instalacións menor produción	B ₂ Resto instalacións
Denominación de orixe protexida Arzúa-Ulloa	3	3	3

h) Consello Regulador da DOP Queixo Tetilla.

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
Denominación de orixe protexida Queixo Tetilla	3	5



i) Consello Regulador da DOP San Simón da Coste.

	Sector produtor Censo A	Sector industrial Censo B
